



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA AS OBRAS "ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO CAMPO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE CASTRO RIBEIRAS DE LEA". (Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022) (Expte GESTIONA Nº 639/2022).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto o Proxecto de "ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO CO CAMPO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE CASTRO RIBEIRAS DE LEA", asinado dixitalmente o día 7 de febreiro de 2022 polo arquitecto Julián Rodríguez Garzón, colexiado co nº 2859, foi presentado neste concello o 07/02/2022, rexistro de entrada electrónico RE-50, cun orzamento total de 39.743,51 euros,

Vista a Memoria do Órgano de Contratación, da necesidade da contratación, de data 14 de setembro de 2022, asinado pola alcaldía.

Vistos os orzamentos presentados no concello polas seguintes empresas:

- Jardinería Arce S.L., con CIF B-15547979, que tivo entrada no concello o 12/07/22 co nº RE-432, por importe estimado de 32.820€, máis 6.892,20€ de IVE, facendo un total de 39.712,20€.
- Medulio Servicios y Obras S.L., con CIF B-70195870, que tivo entrada no concello o 13/07/22 co nº RE-436, por importe estimado de 32.845€, máis 6.897,45€ de IVE, facendo un total de 39.742,45€.
- Calfensa Proyectos S.L., con CIF B-27182682, que tivo entrada no concello o 15/07/22 co nº RE-447, por importe estimado de 32.785€, máis 6.884,85€ de IVE, facendo un total de 39.669,85€.

Visto o Informe de Intervención asinado en data 13 de setembro de 2022, pola Alcaldía e Intervención no que consta na bolsa de vinculación 6.3 do orzamento do exercicio 2022, crédito retido adecuado e suficiente por importe de 39.669,85€ para facer fronte á contratación da obra.

Esta obra finánciase pola Deputación Provincial de Lugo a través do plan provincial único de cooperación cos concellos 2022, aportando o órgano provincial 39.743,57€.

Visto o Informe de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, asinado o día 4 de marzo de 2022, que tivo entrada no concello o día 16 de marzo de 2022 con rexistro nº 786, no que consta que non resulta necesario a tramitación de autorización.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019.

ACORDO



Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo- Aprobar a contratación da obra de Acondicionamento do entorno do campo de céspede artificial de Castro Ribeiras de Lea e aprobar o gasto con cargo á bolsa de vinculación 6.3 do orzamento do exercicio 2022, por importe de 39.669,85€

Terceiro.- Adxudicar á empresa Calfensa Proyectos S.L., con CIF B-27182682, o contrato menor de realización da obra de Acondicionamento do entorno do campo de céspede artificial de Castro Ribeiras de Lea, polo importe total de 39.669,85€, dos cales representan como valor estimado de 32.785 euros, máis o IVE correspondente (21%) que supón un total de 6.884,85 euros, dacordo co presuposto presentado no concello e nos términos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require o obxecto do contrato.

A obra realizarase durante o prazo sinalado no proxecto, un mes, debendo estar xustificada no prazo de 2 meses desde a finalización da obra, e en todo caso na data límite do día 15 de novembro de 2023, dacordo cos prazos establecidos polo organismo provincial.

Deberá constar un cartel da obra segundo modelo marcado pola Deputación Provincial de Lugo, dacordo coa base 20 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, publicadas no boletín oficial da provincia de Lugo nº 6 de 10 de xaneiro de 2022.

Cuarto.- Notificarlle esta resolución á citada empresa.

Quinto.- Nomear como director da obra a D. Julián Rodríguez Garzón e notificar este nomeamento.

Sexto.- Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

